

Actividades pedagógicas (por Escoitar.org)

Introdución

Estamos rodeados de son: o ruído, as voces, a música, etc, forman parte da nosa vida cotiá. A maior parte do tempo non lles prestamos atención aos ruídos que producimos. Non obstante, algúns destes sons poden adquirir sentido cando cambiamos a nosa actitude e escoitamos. A partir dese momento, empezamos a comprendelos e podemos iniciar o estudo das paisaxes sonoras para descubrir de que xeito os nosos recordos os preservan e como se crean vínculos entre o son, os lugares e as experiencias.

Reflexionar sobre a paisaxe sonora leva consigo unha tarefa moito máis complexa que traballar no ámbito do visual. No pasado, a tecnoloxía sobrecargou o noso ámbito social con imaxes, pero na actualidade as "marcas sonoras" reclaman o seu lugar. Grazas ao momento histórico que vivimos caracterizado por unha doada accesibilidade a multitude de sons a través de ordenadores ou sistemas móbiles, estes parecen saír do seu letargo ancestral para converterse en acontecementos omnipresentes. Hoxe en día, podemos redescubrir os sons dun modo diferente compartíndoos e comparando múltiples contextos. Somos conscientes de que temos unha grande oportunidade para reformular a nosa relación con estes ámbitos vibrantes, así como para encontrar novas liñas de estudo que permitan situar o son ante as novas peculiaridades sociais e culturais, levando a cabo unha mellora na educación coa idea de promover unha sensibilidade sonora. Con este fin, presentamos a continuación algunhas ideas que desenvolvemos no proxecto European Acoustic Heritage.

1 TRABALLANDO CON ONOMATOPEAS

As onomatopeas son un recurso gráfico moi práctico para aproximar algúns conceptos básicos acerca da paisaxe sonora a un público que non adoita reflexionar sobre esta idea. Cando traballamos con sons e procuramos transmitir a súa importancia, un dos principais problemas a superar é como explicar esta idea "abstracta". Por desgraza, o son non xoga un papel relevante na sociedade porque carece de referencias educativas xa que, polo xeral, pasa desapercibido entre as disciplinas que poderían reivindicar o seu papel: a historia, a arte, a xeografía, a comunicación, a literatura, a antropoloxía, incluso a música, etc. Por iso, un dos mellores xeitos de promover o coñecemento da paisaxe sonora pasa por recuperar os vellos modelos utilizados na difusión do son ata a chegada do primeiro sistema de gravación inventado por Edison; é dicir: as onomatopeas, os emblemas, os ideofones, a pintura, a literatura, etc.

Os adhesivos de European Acoustic Heritage

Para realizar esta práctica debuxamos 40 sons coas súas respectivas onomatopeas e imprimímolas en etiquetas adhesivas con forma de megáfono (ver pdf adxunto). Podemos utilizar estes adhesivos ou crear as nosas propias onomatopeas en cada idioma, debuxándoas nas etiquetas en branco. Este exercicio convida ás persoas a adquirir conciencia da súa memoria auditiva, e axuda a descubrir aqueles sons aos que

non adoitan prestar atención. Véxase, por exemplo:

http://fr.wikipedia.org/wiki/Liste_d%27onomatop%C3%A9es_dans_diff%C3%A9rentes_langues
<http://www.writtensound.com/>

2 TRABALLANDO CON ADHESIVOS

Mapa xeral

Primeiro, imprimimos un mapa dun territorio coñecido pola comunidade. Logo, os participantes poden identificar e localizar calquera son representado nas pegatinas e colocar a onomatopea correspondente na súa ubicación exacta do mapa físico.

Mapa temático

Outra posibilidade é utilizar mapas máis específicos con persoas de calquera idade. Podemos elixir diferentes exemplos de plano (urbano, industrial, rural, antigo, etc ...). O proceso é similar ao anterior, pero dialogando cos participantes e centrándose en que sons son parte da nosa identidade acústica. Neste exercicio, é moi interesante traballar cos mapas antigos, descubriendo como as paisaxes sonoras evolucionan co tempo.

ITINERARIOS

A) PASEOS SONOROS

Unha vez que completamos os mapas sonoros físicos con onomatopeas podemos usalos para crear traballos máis elaborados: itinerarios, blogs, composicións, etc. Por exemplo, podemos deseñar paseos sonoros analizando os resultados sobre a base de:

- Os sons máis bonitos (ou feos) dun lugar.
- Os sons en perigo de extinción.
- Os sons perdidos.
- Sons naturais ou sociais, sons relacionados coas actividades económicas, interacción social, etc.
- Contaminación acústica.

B) FERRAMENTAS DE LOCALIZACIÓN

Utilizando aplicacións web podemos compartir estes sons, xeolocalizándoos nun mapa virtual (por exemplo, creando a túa propia capa en GoogleEarth) e ofrecendo unha perspectiva global das diferenzas xeradas nunha paisaxe sonora dunha cidade en función da tempada, o lugar ou a hora do día. Isto axudaranos a comprender como o son contribúe a crear espazos nun sentido de fluxo.

Tamén podemos utilizar aplicacións audio móbiles de localización como noTours (www.notours.org) e crear paseos sonoros superpostos deconstruíndo as audio-guías convencionais dun modo creativo e engadindo sons virtuais –paisaxes sonoras imaxinarias ou redeseñadas, entrevistas, etc–, a un lugar real cambiando a forma en que o percibimos.

C) BLOG

Outra posibilidade é tomar fotos mentres a xente está completando o mapa físico. Logo, abrimos un blog onde os estudantes analizarán os datos principais. Este traballo, por etapas, permítenos estudar a evolución da paisaxe sonora ao mesmo tempo que cubrimos a cartografía.

Os datos que podemos analizar no mapa son:

- Sons principais: naturais, antigos, tecnolóxicos, etc.
- Sons destacados.
- Como son os sons situados no territorio?
- Intervalos acústicos da cidade, vila, etc.

3 TRABALLANDO CON PARTITURAS

Introdución

Outro exercicio práctico consiste en deseñar partituras sonoras. Esta representación gráfica permítenos xogar coa "ximnasia acústica", experimentando un xeito diferente de entender conceptos sonoros como espacialidade, temporalidade ou intensidade. Para este exercicio tomamos os discos ópticos de Marcel Duchamp e deseñamos unha partitura. Unha vez que completemos a práctica, podemos poñer a nosa partitura nun tocadiscos, ou virala cun lápiz, e comprobar o efecto óptico das cores e debuxos que escribimos.

*Debuxa a túa partitura desde estes arquivos:

<http://www.photo.rmn.fr/cf/htm/CPicZ.aspx?E=2C6NU0O5VD38>

<http://www.photo.rmn.fr/cf/htm/CPicZ.aspx?E=2C6NU0O5V105>

3.1 COMO ESCRIBIR UNHA PARTITURA?

- a) Selecciónase calquera das dúas caras do noso disco de papel óptico.
- b) Divídese o suco segundo a duración da paisaxe sonora que imos debuxar.
- c) Escribimos ou pintamos os sons ao longo dos sucos do noso disco de papel óptico.

3.2 COMO TERMINAR UNHA PARTITURA?

- a) Ao longo do suco, escribimos os sons principais da nosa paisaxe sonora. Podemos utilizar as pegatinas ou crear as nosas propias onomatopeas cos megáfonos en branco.
- b) Se o son é de intensidade alta, debe estar na liña "high", e se ten unha intensidade baixa na liña "low".
- c) Podemos acompañar cada onomatopea con cores, símbolos, etc para expresar máis detalles sobre:
duración, tempo, ritmo, timbre, etc.

(Nota: este exercicio é unha aplicación, unha representación gráfica do son. Como dixo Murray Schafer: "Adestramento físico para reflexionar sobre a paisaxe sonora". Non se trata de imitar unha partitura de música contemporánea, só queremos divertirnos mentres pensamos no son)

3.3 EXEMPLOS CON PARTITURAS

3.3.1 Partitura cunha composición

- a) Escoitamos a paisaxe sonora.
- b) Identificamos os sons máis importantes.
- c) Distribuímos no noso disco de papel óptico o primeiro son, o do medio, e o último son, o da composición.
- d) Para rematar, completamos, na mesma orde, a partitura co resto dos sons.

3.3.2 Partitura cunha paisaxe sonora de 24 horas

Neste exercicio, traballamos en equipo e aplicamos a "Ximnasia Acústica" de Murray Schafer.

- a) O disco óptico divídese, ao longo do suco azul, na mesma orde e tempo que facemos estas preguntas aos alumnos:

07,00 h. Cal é o primeiro son que escoitamos ao espertar?

08,00 h. E un son cando camiñamos á escola?

11,00 h. Pensamos agora nun son cando esteamos no patio da escola?

14,00 h. Recordamos un son ao saír da escola?
17,00 h. Un son pola tarde?
20,00 h. Que son escoitamos ao voltar á casa?
22,00 h. Cal é o último son do día antes de durmir?

- b) Podemos facer tantas preguntas como desexemos, pero sempre respectando unha orde cronolóxica ao longo da xornada.
- c) Cada estudante ten que escribir na partitura todos os sons seleccionados na orde das preguntas (e o tempo) ata que o suco sexa completado.
- d) Para finalizar o exercicio, traballamos da mesma maneira que nos exemplos anteriores: intensidade, ritmo, duración, etc.

3.3.3 Partitura cun paseo sonoro

Este exercicio omite a liña de tempo e permítenos escribir a partitura sen escoitar o paseo sonoro.

- a) Unha vez que realicemos o mapa cos participantes, podemos deseñar itinerarios personalizados.
- b) Por exemplo, eliximos unha ruta no noso mapa cos sons máis fermosos e pasámoslos á partitura.